

**CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCIÓN (APD), A ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CFV), A ASOCIACION CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA (NORDÉS) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Director de Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

**DECLARA:**

Que este Instituto ten previsto formalizar coa ASOCIACION PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCION (APD), A ASOCIACION CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA(CFV) e a ASOCIACION CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA (NORDÉS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*A colaboración para a realización de 11 eventos en Galicia dentro do programa Capacita Directivos 2023, dirixido á mellora empresarial, fundamentalmente a través do desenvolvemento de capacidades e competencias dos seus directivos e mandos intermedios.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

- 1. IGAPE é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.*

*Neste sentido, o papel do IGAPE na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca mellorar as bases da gobernanza das empresas galegas a través, entre outras accións, da capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.*

*Para desenvolver este complexo e fundamental eixo, o IGAPE deseñou un amplo programa de actuacións denominado Plan Capacita, dentro do que, no seu apartado de formación e difusión de tendencias e cultura de empresa, quere desenvolver un programa sistemático de capacitación dirixido aos directivos de empresa galega.*

*Na acción obxecto deste convenio o IGAPE prevé a organización de 11 eventos, deseñados para a concienciación e posta ao día dos cadros directivos das empresas galegas, tanto en materia de desenvolvemento integral, como nas diferentes áreas de xestión que poidan incidir na conta de resultados futura das empresas prestando especial atención á capacitación das persoas.*

- 2. APD é unha Asociación sen fin lucrativo que ten como fins sociais promover e realizar o intercambio de coñecementos, experiencias e técnicas de cantas persoas desempeñan nas empresas privadas ou entidades públicas as funcións de alta dirección, goberno ou administración, así como aquelas outras que, por vía de delegación levan a xestión dunha ou varias áreas funcionais das mesmas, co fin de perfeccionar e actualizar a formación dos asociados nas súas actividades específicas, todo elo dirixido ao ben común.*

*Como Asociación sen fin de lucro especializada e sen parangón no eido do desenvolvemento directivo, na capacidade de organización de eventos de alto nivel dirixidos ao progreso da dirección e na capacidade de convocatoria de asistentes: directivos, órganos de goberno e mandos intermedios ás iniciativas que organiza*

- 3. O Círculo de Empresarios de Galicia é a asociación empresarial privada mais destacada do nordeste peninsular que defende os intereses das mulleres e homes da empresa, contribuíndo ó crecemento económico de Galicia e do norte de Portugal. Fundada en 1992, esta entidade de carácter independente e sen ánimo de lucro está integrada por cerca de 500 asociados, entre os que encóntranse 350 empresas cuxo volume de negocio supera os 15.000 millóns de euros.*

*Concibido como punto de encontro de empresarios, directivos e profesionais, o Círculo consolidouse como un foro de reflexión, debate e formulación de ideas e propostas orientadas a contribuír ó crecemento e benestar socioeconómico da sociedade, aportando unha visión estratéxica e global.*

*Está integrado polas empresas mais importantes de Galicia, pertencentes as mais diversas actividades económicas, as empresas accionistas caracterízanse por ocupar posicións de liderado nos seus respectivos sectores e mercados. Os seus negocios –empresarios, altos executivos e profesionais– comparten un forte compromiso co progreso social e económico de Galicia.*

4. *A Asociación Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia , NORDÉS, constituíuse como asociación en 2019. En outubro de 2020 iniciou a súa actividade de forma virtual á vez que poñía en marcha a obra da súa sede física en Matogrande (A Coruña) que abriu a súas portas o 28 de outubro de 2021. Hoxe en día, con máis de 250 empresas socias, NORDÉS é unha asociación empresarial multisectorial privada que aporta continente e contido, nun espacio híbrido onde se integran negocio e vida social/cultural, ofrecendo un espazo de encontro e o desenvolvemento de actividades que responden, de forma efectiva e integradora, os retos do tecido empresarial e profesional especialmente no ámbito Noroeste peninsular.*

Mediante esta colaboración, APD, CFV e CLUB NORDÉS poderán exercitar en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia mellorando así as súas prestacións, en número e calidade, para os directivos e mandos intermedios das empresas galegas. As actuacións complementarán as iniciativas desenvolvidas entre 2015 e 2022, na que se levaron a cabo a totalidade de eventos previstos. A acollida por parte do tecido empresarial foi moi favorable, cumpríndose deste xeito os obxectivos de asistentes establecidos no convenio, así como o nivel de satisfacción recollido nas enquisas de control.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela